



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**Expediente núm.:** 387/2017

**Procedemento:** Aprobación de Plan de Mobilidade Urbana Sustentable

**Documento asinado por:** O Alcalde, o Secretario

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

En data 1 de decembro de 2017 solicítase á Deputación Provincial de Pontevedra subvención para a redacción do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Mondariz Balneario, segundo os criterios establecidos nas Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para “Plans de mobilidade sustentable”, publicadas no BOPPO número 221, de 17 de novembro de 2017.

En data 13 de abril de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra acorda por unanimidade conceder a este Concello a citada subvención por ter presentada a solicitude en prazo e cumprir cos requisitos que se esixen na convocatoria. Deste xeito, concédense ao Concello de Mondariz Balneario a cantidade máxima de 9.000,00 € ao tratarse dun Concello de menos de 6.000 habitantes.

En data 3 de xullo de 2018, por Resolución da Alcaldía deste Concello, adxudícase, mediante a figura do contrato menor, a elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable á entidade AQUATICA INGENIERIA CIVIL S.L. polo prezo ofertado de 6.450,00 € e 1.354,50 € de IVE.

En data 26 de agosto de 2019, o persoal técnico provincial do Servizo de Mobilidade informa favorablemente sobre o Plan de Mobilidade elaborado para o Concello de Mondariz Balneario, sendo este adecuado aos obxectivos propostos e redactado consonte as Prescricións Técnicas que achega o Anexo I das Bases reguladoras.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan de Mobilidade Urbana do Concello de Mondariz Balneario elaborado por José Ignacio Buján Díaz da mercantil AQUATICA INGENIERIA CIVIL S.L., de acordo co establecido nas Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións para “Plans de mobilidade sustentable”, BOPPO nº 221 de 17 de novembro de 2017.

**SEGUNDO.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia a Resolución de aprobación definitiva do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable, así como na sede electrónica do Concello





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

[www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es) .

O que manda e asina o Sr. Alcalde presidente do Concello en Mondariz Balneario á data que figura na sinatura electrónica, ante min, o secretario, que certifico.

